



OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2021



INICIACIÓN AO TEATRO

Duración: 12,5 horas

Datas de celebración: do luns 5 ao venres 9 de xullo

Lugar: Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

Hora: de 10:30 a 13:00 horas

Perfil do alumnado: dirixido a nenos e nenas de 9 a 12 anos empadroados en Vigo

Mestre: Eva Vila Barros

Teléfono de contacto: 986 485 324 de luns a xoves de 17:00 a 20:30

Preinscricións: enviar un correo electrónico a em.teatro@vigo.org coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, correo electrónico e nome do curso solicitado

Prazos de preinscrición:

- Preinscricións: do luns 24 de maio ao luns 14 de xuño
- Publicación de admitidos: mércores 16 de xuño
- Formalización de matrícula: do luns 21 ao venres 25 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un total de 10 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o martes 15 de xuño ás 18:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Prezo: 26,00 euros

OBRADOIRO INICIACIÓN AO TEATRO

O curso vai orientado a nenos e nenas de 9 a 12 anos que teñan interese en coñecer o mundo do teatro e descubrir as súas habilidades como intérpretes. Utilizaremos o corpo e a voz como instrumentos primordiais de traballo. E iniciaremos ao alumnado no xogo teatral, a través da técnica da improvisación.

Obxectivos xerais

- Adestrar o corpo e a voz como instrumentos de comunicación.
- Descubrir a expresión corporal e a xestualidade
- Desenrolar as capacidades creativas
- Coñecer a técnica da improvisación para achegarse ao xogo teatral
- Iniciar al alumno na práctica escénica.

Contidos

- Xogos de creatividade
- Exercicios de desinhibición
- escoitar o noso corpo: relaxación e expresión corporal.
- A voz: proxección e vocalización
- A arte da improvisación

Metodoloxía didáctica

Cada clase estará dividida en dúas seccións:

1. A primeira parte estará dedicada a traballo físico de liberar tensión físicas. Coñecemento do corpo e as súas capacidades expresivas e creativas. Exploración dos recursos vocais dentro dun espazo teatral. Desenrolo de imaxinarios para favorecer a creatividade. Se realizarán traballos grupais e individuais.
2. A segunda parte estará dedicada a traballar improvisacións plantexadas desde diferentes puntos de vista. Tanto a profesora como o alumnado aportarán ideas e propostas para realizar estas improvisacións.

Todos os alumnos deben traer:

Roupa de traballo cómoda: mallas, chándal ou similares, zapatillas flexibles ou calcetíns antirrescorregadizos. Unha máscara posta e outra de reposto.

Currículo Eva Vila Barros

Licenciada en Arte Dramático pola RESAD de Madrid. Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Cofundadora da compañía de teatro infantil A Loca-Motora. Traballou nas compañías Teatro Aforo, Arte Pingüe Teatro, Os Quinquilláns Teatro de Rúa, Teatro del Silencio e Teatro de los Sentidos. Narradora oral en foros universitarios de Bogotá; bibliotecas, feiras do libro e escolas de primaria de Galicia e en cafés teatro de Madrid.

Realizou obradoiros de formación con Eduardo Vasco, Alfredo Padilla, José Luis Raymond, Abraham



Celaya, Jean Marie Binoche, Juan Carlos Agudelo, Gabriel Guimard e Francisco Garzón Céspedes. Impartiu clases de teatro en academias privadas, Vocalía da muller do Concello de Vigo, asociación e escolas de primaria. Actualmente, imparte clases de Interpretación na Escola Municipal de Teatro de Vigo e colabora habitualmente, como actriz, na sala de teatro independente Teatro Aforo.